



Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2024-2030

DOCUMENTO PRELIMINAR DE ESTRUCTURA E OBXECTIVOS PARA CONSULTA

[NOME DA EMPRESA] | [ENDEREZO DA EMPRESA]

Setembro de 2024

Contido

1.	Introdución.....	1
2.	Proposta preliminar: estrutura das prioridades estratéxicas.....	2
3.	Proposta preliminar: obxectivos específicos.....	2
	OE1. Reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión.....	3
	OE2. Acadar a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación.....	3
	OE3. Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e reducir a desigualdade de xénero.....	4
	OE4. Impulsar a participación e a cidadanía activa a través do empoderamento.....	4
	OES1. Incrementar o nivel educativo das persoas xitanas a través do acceso efectivo a unha educación xeral, inclusiva e de calidade.....	5
	OES2. Procurar á poboación xitana en idade de traballar máis posibilidades de acceso e mellores condicións de participación no mercado laboral.....	6
	OES3. Mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana.....	6
	OES4. Promover a mellora do estado de saúde das persoas xitanas a e reducir as desigualdades neste ámbito respecto da poboación total.....	7
4.	Formulario para a participación na consulta.....	7

1. Introducción

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social ten avanzada a formulación da **Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2024-2030**. Este traballo orientase á renovación e actualización da Estratexia de Inclusión Social da Poboación xitana en Galicia 2014-2020 para os vindeiros sete anos.

Novos marcos estratéxicos a nivel europeo e estatal, sumados ás necesidades emerxentes ou agravadas cos recentes fitos producidos no contexto socioeconómico e ás oportunidades de mellora da situación do pobo xitano motivan a existencia desta nova estratexia. Enmarcarase dentro da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030, que se orienta de xeito xeral á atención da vulnerabilidade, pobreza e exclusión social na nosa Comunidade autónoma. Persegue abordar dun xeito específico as desigualdades que experimenta a poboación xitana e promover a normalización dos seus estándares de vida respecto aos da poboación total desde unha perspectiva de complementariedade co acceso ás medidas de orientación xeral.

Para a Dirección Xeral de Inclusión Social o enfoque de participación é clave na formulación, desenvolvemento e avaliación dos seus marcos de planificación, e nesta estratexia incorpórase novamente. Neste sentido, **ábrese esta consulta como vía de participación para que os axentes interesados e/ou implicados** nesta estratexia e nas prioridades da acción pública que establece para o período 2024-2030 **realicen as súas achegas**.

As seguintes páxinas comprenden a **proposta preliminar** da estrutura e vertebración dos **obxectivos estratéxicos**, polo que está **suxeita a variacións**. Cada un deles establece retos que fundamentarán sucesivas e diversas medidas que se promoverán desde a Administración autonómica o co seu apoio como respostas para acadalos. Estas medidas, máis concretas, incorporaranse nos dous plans operativos que se desenvolverán nos períodos 2024-2027 e 2028-2030. Con eles asegurarse a adaptación e eficacia das respostas e actuacións que se realicen nos vindeiros anos para acadar os obxectivos que queden establecidos neste documento que estamos a preparar. Por iso **é especialmente importante que as prioridades e obxectivos estratéxicos queden ben definidos e comprendidos no documento** da Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2024-2030, cuxa versión preliminar é obxecto desta consulta.

As **achegas** que se solicitan son **sobre a estrutura** de prioridades estratéxicas, á formulación dos **obxectivos específicos** (redacción, propostas concretas de ampliación dos que están ou de engadir outros novos), ou ben **propostas de medidas** que poderían ir comprendidas dentro dos obxectivos que se presentan (novas medidas de acordo a novas necesidades, novas metodoloxías ou iniciativas...). Estas teranse en conta na preparación do plan operativo que avanzarse unha vez rematemos este documento. **Poderanas remitir ata o día 1 de outubro de 2024 incluído ao correo electrónico sxinclusion.dxis@xunta.gal.**

2. Proposta preliminar: estrutura das prioridades estratéxicas

A Estratexia de inclusión social da poboación xitana de Galicia 2024-2030 ten o **obxectivo xeral** de promover o desenvolvemento dos dereitos fundamentais das persoas xitanas e normalizar as condicións e calidade de vida das persoas xitanas en Galicia en todos os ámbitos, incluíndo a súa participación plena social e económica. Vertébrase en 8 obxectivos estratéxicos, catro de carácter horizontal ou de aplicación transversal, e outros catro de ámbito sectorial que inciden en dimensións clave para acadar unha inclusión social plena, real e efectiva.

No seguinte gráfico preséntanse de xeito esquemático a estrutura e obxecto co que están relacionados os oito obxectivos estratéxicos que se detallarán no seguinte apartado.



3. Proposta preliminar: obxectivos específicos

Neste apartado reproducécese a versión preliminar dos obxectivos estratéxicos e os obxectivos específicos que, dentro de cada un deles, se comprenden para orientar as medidas e actuacións cara o seu logro.

Os **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS HORIZONTAIS** (OEH) son:

OEH1. Reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión.

OEH2. Acadar a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación.

OEH3. Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e reducir a desigualdade de xénero.

OEH4. Impulsar a participación e a cidadanía activa a través do empoderamento.

OEH1. Reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión.

1. Mellorar o acceso ás prestacións económicas e sociais destinadas á **cobertura das necesidades básicas** da poboación xitana vulnerable.
2. Asegurar unha **atención especial á infancia** xitana no deseño de medidas políticas ou asignación de recursos para abordar a pobreza infantil desde unha perspectiva integral, en liña coas prioridades de investimento establecidas para a Garantía Infantil.
3. Promover medidas de **activación das persoas xitanas mediante plans integrais** de inclusión social e/ou sociolaboral con enfoque familiar, nomeadamente entre aquelas perceptoras de rendas mínimas.
4. Prever o desenvolvemento de **itinerarios de alta intensidade** para a atención da exclusión social severa na poboación xitana.
5. Promover a **cidadanía dixital** na poboación xitana, asegurando o acceso a actividades de información e formación e a outros recursos de apoio para a inclusión dixital.
6. Promover o **enfoque na poboación infantil nos proxectos de intervención** ou acompañamento desenvolvidos no ámbito dos servizos sociais, en colaboración con entidades de iniciativa social.
7. Implantar programas específicos de inclusión social dirixidos á **poboación xitana estranxeira** en Galicia.
8. Apoiar a **capacitación e inclusión financeira** mediante a alfabetización financeira a persoas adultas novas e familias.
9. Desenvolver **programas de desenvolvemento comunitario** en zonas onde reside poboación xitana en situación de vulnerabilidade.

OEH2. Acadar a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación.

1. Impulsar actuacións locais ou na Comunidade autónoma en contra do antixitanismo, a retórica antixitana e os estereotipos a través de estudos sobre a súa existencia e ámbitos, formación e a sensibilización sobre igualdade e non discriminación dirixida á poboación xeral ou a sectores desta, con especial atención á interseccionalidade.
2. Informar e asesorar transversalmente en todas as actividades dirixidas á inclusión social da poboación xitana promovidas ou financiadas pola Consellería de Política Social e Igualdade sobre a existencia da Rede de Oficinas de Atención a vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico do Consello para a Eliminación Racial ou Étnica (CERES).

3. Apoiar ás vítimas de discriminación que realizan itinerarios de inclusión social ou sociolaboral no marco da Estratexia de Inclusión Social de Galicia ampliando o acompañamento técnico e incorporando prestacións específicas de mediación e atención psicosocial.
4. Desenvolver programas de formación dirixidos á adquisición de competencias interculturais por parte do persoal das Administracións públicas.

OE3. Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e reducir a desigualdade de xénero.

1. Impulsar a realización de estudos e investigacións sobre as mulleres xitanas.
2. Promover programas e actuacións especificamente dirixidas ás mulleres xitanas para o seu empoderamento e a súa inclusión sociolaboral, que atendan a interseccionalidade e, no seu caso, a atención ás vítimas da violencia de xénero.
3. Desenvolver actuacións de prevención da violencia de xénero entre a poboación gitana
4. Promover a conciliación e a corresponsabilidade da poboación gitana e asegurar o acceso aos recursos específicos para iso que faciliten a súa participación en procesos de inclusión social e laboral.

OE4. Impulsar a participación e a cidadanía activa a través do empoderamento.

1. Aumentar as vías de participación e consulta das entidades prestadoras de servizos sociais especializadas na inclusión social da poboación gitana no deseño, desenvolvemento e avaliación dos programas que con este obxectivo promove a Administración da Comunidade Autónoma.
2. Crear espazos de difusión e coñecemento da cultura, talento e vida da poboación gitana en Galicia nos medios de comunicación.
3. Implantar medidas promotoras da participación da poboación gitana na vida pública e social, especialmente das mulleres e xente nova.
4. Promover actuacións de recoñecemento institucional da poboación gitana.
5. Impulsar o asociacionismo gitano, como fórmula de auto-organización da comunidade gitana, nomeadamente entre a poboación máis nova.

Por outra banda, os obxectivos estratéxicos sectoriais (OES) son os seguintes:

OES1. Incrementar o nivel educativo das persoas xitanas a través do acceso efectivo a unha educación xeral, inclusiva e de calidade

OES2. Procurar á poboación xitana en idade de traballar máis posibilidades de acceso e mellores condicións de participación no mercado laboral

OES3. Mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana

OES4. Promover a mellora do estado de saúde das persoas xitanas a e reducir as desigualdades neste ámbito respecto da poboación total

OES1. Incrementar o nivel educativo das persoas xitanas a través do acceso efectivo a unha educación xeral, inclusiva e de calidade

1. Aumentar a escolarización temperá mediante o acceso de nenos e nenas xitanas á Educación Infantil (0-6).
2. Asegurar medidas de apoio para promover a continuidade e o éxito escolar do alumnado xitano nas etapas de escolarización obrigatoria.
3. Incrementar a participación e capacitación familiar (nomeadamente pais, nais ou titores/as) para promover os obxectivos educativos dos seus membros e a relación coa escola.
4. Reducir a fenda dixital no alumnado xitano.
5. Levar a cabo medidas para evitar e reducir a concentración de alumnado xitano en determinados centros educativos ou aulas.
6. Reducir a fenda de xénero na permanencia e finalización da Educación Secundaria Obrigatoria.
7. Aumentar a poboación xitana que cursa estudos post-obrigatorios, promovendo o acompañamento e apoios precisos.
8. Erradicar o analfabetismo e impulsar a capacitación e formación das persoas xitanas adultas.
9. Promover a diversidade e a convivencia intercultural no ámbito educativo
10. Reducir a discriminación e estereotipos cara a poboación xitana no ámbito educativo.
11. Incrementar o coñecemento sobre a situación educativa da poboación xitana en Galicia.

OES2. Procurar á poboación xitana en idade de traballar máis posibilidades de acceso e mellores condicións de participación no mercado laboral

1. Promover o acceso da poboación nova xitana a programas de acompañamento para a formación e o emprego dirixidos á xuventude.
2. Impulsar programas de activación, orientación, cualificación e acompañamento para o acceso ao emprego e autoemprego dirixidos á poboación xitana.
3. Reforzar a coordinación e acción conxunta entre o Sistema de Servizos Sociais e o de Emprego, especialmente para aumentar o coñecemento e o intercambio e posta en marcha de boas prácticas.
4. Favorecer a adquisición de competencias xerenciais e dixitais a profesionais da venda ambulante.
5. Impulsar medidas dirixidas a promover o acceso da poboación xitana ao emprego público.
6. Actualizar a información dispoñible sobre a situación laboral da poboación xitana en Galicia.
7. Implantar programas específicos para reducir prexuizos e estereotipos nos axentes do mercado laboral cara a poboación xitana.

OES3. Mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana

1. Reducir o chabolismo e a infravivenda en Galicia, en colaboración coas entidades locais.
2. Favorecer o acceso e permanencia da poboación xitana a vivendas en alugueiro incluídas tanto no marco da vivenda pública como o do mercado privado.
3. Aumentar as vivendas con equipamento e subministracións básicas e aquelas con acceso á rede de servizos básicos de proximidade.
4. Loitar contra os prexuizos e a discriminación no ámbito da vivenda a nivel comunitario.
5. Desenvolver e reforzar medidas para mobilizar o maior número posible de vivendas baleiras de titularidade privada para a súa incorporación ao mercado de aluguer a través dunha renda accesible orientado a grupos vulnerables, incluída a poboación xitana.
6. Desenvolver estudos e actuacións para a mellora e actualización do coñecemento sobre as condicións residenciais da poboación xitana en Galicia.

OES4. Promover a mellora do estado de saúde das persoas xitanas e reducir as desigualdades neste ámbito respecto da poboación total

1. Asegurar o acceso e uso normalizado ao sistema de saúde por parte de todas as persoas xitanas, tanto nacionais como doutros países da Unión Europea.
2. Desenvolver e reforzar programas de promoción, prevención e seguimento da saúde e de hábitos de vida saudable, especificamente dirixidos a determinados sectores da poboación gitana (xuventude, infancia, mulleres...).
3. Fomentar as competencias interculturais do persoal sanitario e a loita contra o antixitanismo no ámbito sanitario.
4. Aumentar o coñecemento sobre as necesidades en materia de saúde das persoas xitanas en Galicia, e identificar ámbitos territoriais e sectores ou grupos de poboación prioritarios de intervención.
5. Innovar na atención sociosanitaria á poboación gitana e transferir ou replicar desde outros contextos boas prácticas nesta materia.

4. Formulario para a participación na consulta

En relación coa **estrutura de obxectivos estratéxicos**, quere realizar algún comentario ou proposta de modificación ou ampliación?

Observacións ou comentarios de carácter xeral á estrutura de obxectivos

--

Observacións ou comentarios a un ou varios obxectivos estratéxicos

OE1. Reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión.	
OE2. Acadar a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación.	
OE3. Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e reducir a desigualdade de xénero.	
OE4. Impulsar a participación e a cidadanía activa a través do empoderamento.	
OES1. Incrementar o nivel educativo das persoas xitanas a través do acceso efectivo a unha educación xeral, inclusiva e de calidade	
OES2. Procurar á poboación gitana en idade de traballar máis posibilidades de acceso e mellores condicións de participación no mercado laboral	
OES3. Mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación gitana	
OES4. Promover a mellora do estado de saúde	

Observacións ou comentarios a un ou varios obxectivos estratéxicos

das persoas xitanas a e reducir as desigualdades neste ámbito respecto da poboación total

En relación cos obxectivos específicos orientados a acadar os obxectivos estratéxicos, quere realizar algún comentario ou proposta de modificación ou ampliación?

Observacións, propostas ou comentarios de carácter xeral aos obxectivos específicos

Observacións e propostas para cada obxectivo estratéxico

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OEH1

Reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión.

Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

<i>Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)</i>	<i>Observación ou proposta</i>
Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OEH1)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OEH2

Acadar a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación.

Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

<i>Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)</i>	<i>Observación ou proposta</i>

Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para OE2)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OE3
Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e reducir a desigualdade de xénero.
Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

<i>Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)</i>	<i>Observación ou proposta</i>
Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OE3)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OE4
Impulsar a participación e a cidadanía activa a través do empoderamento.
Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

<i>Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)</i>	<i>Observación ou proposta</i>
Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OE4)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OES1
Incrementar o nivel educativo das persoas xitanas a través do acceso efectivo a unha educación xeral, inclusiva e de calidade
Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)	Observación ou proposta
Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OEE1)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OES2
Procurar á poboación xitana en idade de traballar máis posibilidades de acceso e mellores condicións de participación no mercado laboral
Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)	Observación ou proposta
Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OEE2)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OES3
Mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana
Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)	Observación ou proposta
Motivación da proposta:	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OEE3)

OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS OES4
Promover a mellora do estado de saúde das persoas xitanas a e reducir as desigualdades neste ámbito respecto da poboación total
Elixir unha opción: modificar texto, suprimir texto ou engadir novo texto

<i>Obxectivo específico preliminar (salvo proposta de engadir novo)</i>	<i>Observación ou proposta</i>
Motivación da proposta: 	

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas propostas para o OEE4)

Por outra banda, quere informar [dalgunha necesidade ou para desenvolvemento dalgún área de interese](#) que teña identificados na poboación gitana en Galicia e que promovan a súa inclusión social, e que considere non comprendida nos obxectivos preliminares, pódoo facer no seguinte espazo. Tamén pódoo usar para realizar algunha [proposta de medida que garde relación cos obxectivos estratéxicos e específicos expostos.](#)

ACHEGA NÚM. 1	
Necesidade/ interese	☐
Proposta de medida ou actuación	☐
Exposición	

ACHEGA NÚM. 2	
Necesidade/ interese	☐
Proposta de medida ou actuación	☐
Exposición	

--

ACHEGA NÚM. 3	
Necesidade/ interese	
Proposta de medida ou actuación	
Exposición	

(marque cun "x" a opción que corresponda)

(repita o cadro anterior tantas veces como considere preciso para as súas achegas)

Moitas grazas pola súa colaboración!